



Informe referente á suxestión presentada pola ANPA do Ben Cho Shey ante a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa

O 16.10.2023 recibíuse nesta dirección xeral un escrito de suxestión presentado pola ANPA do CEIP Ben-Cho-Shey, con NIF G32173312, referente ao servizo de **transporte público integrado do CEIP Ben-Cho-Shey, en Pereiro de Aguiar**. Nel, trasládase que, malia que o alumnado debe estar fóra das instalacións ás 16:00 horas, dende o curso pasado, os horarios dos autobuses son moi irregulares. Refírense atrasos nas recollidas do alumnado, indicando que algunhas liñas chegan ao centro ás 16:15 horas, o que implica que as familias agarden nas paradas entre 15 e 20 minutos máis do debido.

Solicita unha resposta e unha solución para presentala no próximo consello escolar.

Logo da análise dos feitos trasladados, **INFÓRMASE** do seguinte:

Os servizos sinalados no escrito pertencen ás concesións **XG605 - Comarca de Ourense e XG688 - Termos municipais do Pereiro de Aguiar, Coles e Barbadás**. En concreto, as expedicións son as seguintes:

- A expedición XG68800401004, cunha hora de saída do centro ás 16:10 horas.
- A expedición XG68800901004, cunha hora de saída do centro ás 16:10 horas.
- A expedición XG60504201004, cunha hora de saída do centro ás 16:13 horas.
- A expedición XG60506001004, cunha hora de saída do centro ás 16:14 horas.
- A expedición XG68800301004, cunha hora de saída do centro ás 16:17 horas.

Esta Administración, tras analizar os rexistros horarios das expedicións que dan servizo ao centro, non achou atrasos recorrentes na prestación dos servizos.

Non obstante, atendendo ao trasladado na solicitude, estimouse necesario axustar os horarios establecidos á hora de saída do centro. Así, o Servizo de Mobilidade de Ourense acordou adiantar a hora de paso polo CEIP Ben-Cho-Shey ás 16:05 horas en todas as expedicións implicadas.

A xefa do Servizo de Ordenación do Transporte Regular de Viaxeiros
Teresa Somoza García

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Antón García Río

Conforme:

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra

